

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP GREGORIO SANZ-Ribadeo

Anexos:
Plan de acollida
Período de adaptación

ÍNDICE

1. Introducción	3
2. Análise da situación	4
3. Plan de actuación	6
3.1. Obxectivos	6
3.2. Accións	7
3.3. Protocolos de actuación	8
3.4. Recursos	15
4. Seguimento e avaliación	16
5. Anexos:	
Anexo I: <u>Plan de acollida</u>	17
Anexo II: <u>Período de adaptación</u>	24

1. INTRODUCCIÓN

A escola é un lugar de encontro de aprendizaxe de experiencias impartidas, de coñecemento dos outros, de descubrimento do mundo. Os nenos/as que crezan, aprendan e maduren xuntos nun ambiente de san convivencia, serán cidadáns capaces de asumir as diferenzas, respectar ós outros, dialogar e convivir.

Consideramos fundamental que se respire no noso Centro un clima de convivencia harmónico que sexa facilitador do traballo escolar, onde todos se sintan seguros e respetados. Polo tanto, tenderemos a proxectar nos nosos alumnos valores de respecto, non violencia, xustiza, solidariedade, tolerancia e democracia, o fin de ofrecer un servizo educativo de gran calidade (Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación LOE art. 121).

O **Plan de Convivencia** será o marco facilitador de todos estes valores.

A educación en valores é unha realidade cada vez mais necesaria. É evidente que ó longo dos últimos anos foron aumentando as situacións conflitivas na sociedade e nos centros educativos en particular. É por iso que dende a Administración educativa se están tomando as iniciativas necesarias para favorecer a convivencia nos centros, co obxectivo de:

- ✓ Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- ✓ Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e responsabilidade no estudio así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- ✓ Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- ✓ Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con necesidades especiais.
- ✓ Coñecer e valorar o seu ámbito natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e coidado deste.
- ✓ Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- ✓ Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

- ✓ Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- ✓ Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN

Os **comportamentos disruptivos**, son os maioritarios nos centros educativos, nuns casos relacionados co currículo (falla de hábitos de traballo, non realizar as actividades escolares, despreocupación, etc.), cos compañeiros (mentir ou falsear a realidade, incapacidade para o diálogo, xogar dentro da clase interrompendo ós demais, etc.), co profesorado (mentir, falar a berros, a chulería, xogar dentro da clase para interromper, etc) ou en relación co centro (non aceptar as normas, deambular polo centro). Ademais, hai que engadir outras problemáticas presentes na sociedade actual: problemas familiares graves, proximidade ao mundo das drogodependencias, carencias afectivas, culturais, sociais.

O **CEIP GREGORIO SANZ** abrangue os ciclos de Educación Infantil (3-6 anos) e Primaria (6-12 anos), funcionando na actualidade 6 unidades de Educación Infantil e 12 de Educación Primaria; está adscrito ó IES Porta da Auga; e no referente a servizos complementarios o Centro oferta ós alumnos os de transporte e comedor escolar e unha serie de actividades complementarias e extraescolares en colaboracións coas ANPAs e outras entidades públicas e privadas que poden variar segundo factores de tempo, dispoñibilidade ou recursos económicos.

A poboación activa de Ribadeo distribúese fundamentalmente entre os sectores primario e terciario, xa que as actividades da maior parte da poboación están relacionadas coa agricultura, a pesca ou o sector servizos.

Tradicionalmente o alumnado do colexio público Gregorio Sanz, procedía na súa maioría do medio rural, entendendo por tal o das parroquias distintas da capitalidade do concello; pero esta tendencia inverteuse e son maioría o alumnado procedente do núcleo urbano de Ribadeo.

A medida que pasan as promocións, o alumnado que se incorpora ó centro procede de familias cunha formación cada vez maior.

As distintas actividades culturais do centro contan cunha gran acollida e mostran de interese por parte da poboación. Se ben, todo é mellorable, e o noso esforzo vai encamiñado ó crecemento en número do noso alumnado sen perder un ápice de calidade no ensino, e á consecución da plena integración das familias na vida do centro e conseguir unha verdadeira

Comunidade Educativa, chea de vida e que progrese no tempo nesta mesma liña, sen deixar de lado, e sempre que sexa posible a compatibilidade da vida familiar e laboral.

Non cabe dúbida de que onde hai persoas, cada unha coas súas características, que comparten un espazo máis ou menos grande durante un tempo, tarde ou cedo xorden situacións de tensión, ou mesmo conflitos persoais. E isto no caso concreto dun centro escolar, ocorre tanto entre o alumnado, os adultos ou entre ámbolos dous colectivos. Nós entendemos que a mellor menciña é a preventiva, e por tanto, por unha banda debemos pór as estratexias e os medios para previr as situacións conflitivas, e de producírense, que a solución sexa dialogada, é dicir, entendemos o conflito dende o punto de vista positivo e mesmo o consideramos como necesario para crecer como persoas.

Os **conflitos** que se observan con máis frecuencia son:

- ❖ Disrupción e falta de atención na aula
- ❖ Non realizar as tarefas escolares en horario escolar.
- ❖ Esquecer o material necesario
- ❖ Faltas de respecto entre iguais e hacia o profesorado
- ❖ Desobediencia aos adultos
- ❖ Tempos de lecer excesivos e conflictivos
- ❖ Insultos, alcumes e agresións verbais

A **convivencia**, compartir vivencias xuntos, apréndese interactuando, fomentando as boas relacións interpersoais, o autoconñecemento, a autoestima, a autopacificación, desde o diálogo, a escoita activa, a participación, o compromiso e a asunción de responsabilidade. Ademais, require dun traballo compartido, sistemático e permanente no tempo.

3. PLAN DE ACTUACIÓN

3.1. Obxectivos

- Avaliar e analizar a problemática que poida existir no centro, a través de diversos procedementos (observación directa, enquisas a tódolos membros da comunidade educativa).
- Concienciar ó alumnado da necesidade de erradicar as actitudes violentas de cara a mellorar o clima de convivencia.
- Consensuar protocolos de actuación en función das diversas problemáticas que poidan xurdir en relación coa convivencia.
- Implicar á comunidade educativa na posta en práctica, no cumprimento e seguimento do plan de convivencia.
- Recoller as propostas que se poidan facer dende a comunidade educativa para a mellora do plan.
- Acadar un clima de convivencia baseado no respecto e na comunicación fluída e aberta entre tódolos membros da comunidade educativa.
- Impulsar a participación do alumnado na confección das normas.
- Establecer mecanismos de convivencia para resolver conflitos.
- Fomentar a cohesión do profesorado e a súa formación en convivencia escolar.
- Aprender a convivir en grupo favorecendo a afectividade, respecto, colaboración e axuda.
- Rexeitar toda manifestación de violencia e agresividade resolvendo os conflitos interpersoais de forma non violenta mediante a comunicación, o diálogo e reflexión.

3.2. **Accións**

- Organizar **actividades de acollida** a principio de curso, sobre todo para o alumnado e o profesorado que chega ao Centro por primeira vez: coñecer dereitos e deberes, o funcionamento do centro e as instalacións, elaborar normas de convivencia en cada titoría, recoller información sobre os antecedentes escolares e a situación persoal familiar e social de cada alumno, promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, ter entrevistas individuais cos alumnos cando estes o necesiten, desenvolver programas de habilidades sociais, participación, autoestima e solución de problemas, educación para a paz e a igualdade.
- Consenso do equipo directivo co profesorado implicado e o departamento de orientación na resolución de problemas académicos, de disciplina ou de grupo.
- Mediar con coñecemento de causa en posibles situacións de conflitos entre alumnos e profesores e informar debidamente aos pais.
- Recoller informacións, opinións e propostas de cada un dos profesores sobre calquera tema que afecte ao grupo ou algún alumno en particular.
- Transmitir aos órganos de dirección as necesidades do seu grupo de alumnos en canto a recursos tanto humanos como materiais.
- A Comisión de Convivencia, conxuntamente cos órganos de goberno do centro, adoptarán as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos dos alumnos e para impedir a comisión de feitos contrarios ás normas de convivencia do centro. Con este fin potenciarase a comunicación constante e directa cos pais ou representantes legais dos alumnos.
- Reunir os pais ao comezo do curso para informais sobre o Plan de Convivencia entre outras cuestións da titoría.
- Conseguir a colaboración dos pais en relación co traballo persoal e de grupo.

3.3. Protocolos de actuación

PLAN DE ACCIÓN	
Problemas	Posibles accións
Problema 1: Conductas disruptivas na aula e falta de respecto	Co alumnado: Tempo fóra con tarefa Co profesorado: de apoio e de garda Coas familias: Información e colaboración Na aula: Resposta inmediata No centro: Coordinación na medida tomada
Problema 2: Acoso entre iguais	Co alumnado: Modificación de conducta Co profesorado: Prevención Coas familias: Información e colaboración Na aula: Habilidades sociais No centro: Apoio ao afectado
Problema 3: Absentismo escolar	Co alumnado: Rexistro de faltas Co profesorado: Comunicación a Dirección Coas familias: Chamada, carta, citación Na aula: No centro:
Problema 4:	Co alumnado: Co profesorado: Coas familias: Na aula: No centro:
Problema 5:	Co alumnado: Co profesorado: Coas familias: Na aula: No centro:

FICHA DE REFLEXIÓN

(Para profundizar na versión do alumno/a e para facerlle reflexionar sobre o acontecido)

Todas as persoas cometemos erros, o problema non está no erro en si mesmo, senón nas causas que o provocaron e nas actitudes negativas que trae como consecuencia. Por tanto, para saír do erro temos que reflexionar, auto-observarnos e coñecer as causas que nos levaron a tal actitude ou acción.

1. Conta qué pasou	
2. ¿Cal foi a causa do problema?	
3. ¿Por qué o fixen?	
4. ¿Como me sinto agora?	
5. ¿Qué consecuencias me trouxo ou me pode traer?	
6. ¿Qué podería haber feito para evitar esta situación?	
7. ¿Qué podo facer agora para resolver esta situación? Pedirle desculpas. Non esquecerme das cousas boas que ten esa persoa. Devolverllo novo. Reparar o estragado. Outras.	
8. ¿Síntome responsable do que pasou?	
9. ¿Queres engadir algo mais?	

NORMAS DE CONVIVENCIA en EDUCACIÓN INFANTIL	
NORMAS	ACTUACIÓN
1.Saudar ao entrar e saír da clase.	Dialogar. Vivenciar distintos tipos de saúdos. Aos reincidentes mandaráselles saír e saudar ao entrar.
2.Respectar a quenda de palabra.	Pedirlle que pense o que pode pasar se todos falamos á vez. Se o fai para chamar a atención cambiaráselle de lugar algúns minutos.
3.Compartir os materiais e xoguetes en cada actividade.	Guialo para que fale de como se ten que sentir o neno/ a que quedou sen o xoguete que quería.
4.Coidar os materiais comúns.	Dialogar e vivenciar a situación (clase onde non se ordena nin coida nada) Non ser responsable un día.
5.Non pelexarse na fila.	Recordar como se debe saír e entrar na fila. Se o realiza por hábito que saia e entre ese día o último.
6.Nos xogos espontáneos non excluír a ningún compañeiro.	Sacar do neno/a o seu propio punto de vista do problema de forma non acusatoria. ¿Que aconteceu, por que fixo iso?
7.Pedir as cousas "por favor" e dar "as grazas".	Repetir a mestra, as veces que sexa necesario. Por imitación os nenos empezarán a pedir as cousas "por favor" e a dar "as grazas"
8. Recoller e ordenar os materiais e xoguetes utilizados.	Esperar a quenda e colaborar para que ao recoller os xogos se faga con orde e sen pelexas.
9. Respectar o traballo do compañeiro/a nas tarefas colectivas e individuais.	Dialogar con el ou ela. Se algún neno estraga con intención o traballo en equipo, quedará sen participar na próxima actividade.
10. Asistir á clase con puntualidade	Recordarlles aos pais e nais nas reunións de inicio de curso e ao longo do mesmo a importancia da puntualidade para o mellor rendemento do neno/a.

NORMAS DE CONVIVENCIA no PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA

1. Asistir a clase con puntualidade e regularidade.
2. Participar nas actividades de clase activamente, cada un na medida das súas posibilidades.
3. Tratar con respecto e cordialidade a todas as persoas da comunidade educativa: profesores, compañeiros.
4. Utilizar correctamente todas as instalacións do centro.
5. Respetar o clima de traballo sobre todo en cambios de clase e desprazamentos.
6. Asistir a clase ben aseado.
7. Evitar palabras e xestos que poden ofender a outras persoas.
8. Aprender a compartir o material.

ACTUACIÓNS - 1º ciclo

1. Dialogar co alumno/ a para que comprenda as consecuencias da súa actuación.
2. Estar en estreito contacto cos pais.
3. Mandarlle facer unha pequena tarefa..
4. Baixar ao recreo sen participar no xogo.
5. Repoñer o material estragado por mal uso.

NORMAS DE CONVIVENCIA no SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

1. Chegar con puntualidade ao colexio e saudar ao entrar e saír de clase.
2. Atender en clase e seguir as orientacións dos profesores.
3. Tratar os profesores e persoal do centro con respecto.
4. Tratar os compañeiros e compañeiras con respecto non insultando nin poñendo "alcumes" (agresión verbal).
5. Resolver os conflitos con diálogo e non se pelexar cos compañeiros e compañeiras (clase, recreo e filas) (agresión física).
6. Utilizar en clase un ton de voz suave e respectar a quenda de palabra.
7. Ser responsable do estudio.
8. Coidar as cousas comúns o colexio e o material propio e o dos demais.
9. Cumprir as sancións ou tarefas impostas.

ACTUACIÓNS - 2º ciclo

1. En caso de incumprimento falar co alumno e axudarlle a reflexionar sobre o seu comportamento para que se dea conta das consecuencias da súa actitude.
2. Se é reiterado o incumprimento, comunicárllelo aos pais por escrito e falar con eles, para solucionar a situación.
5. Arranxar ou repoñer o material estragado por mal uso.
6. Poñer en coñecemento da Comisión de Convivencia a situación para tomar as medidas disciplinarias contempladas no Plan de Convivencia.

NORMAS DE CONVIVENCIA no TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

1. Se educado e amable: Saúda sempre: ¡ Bos días!, ¡ Boas tardes!, ¡ Adeus!, ¡ Hola!, ¡ Ata logo!, ¿Que tal estás?...
2. Pide as cousas aos teus compañeiros e na casa por favor e dá as grazas.: ¡ grazas!, ¡ Moitas grazas!, ¡ Fuches moi amable! ¡ Grazas por...
3. Cede o paso aos teus compañeiros e compañeiras, aos adultos. Aprende a ceder a palabra aos demais para que nos entendamos todos.

4. Mostra interese polos demais e polo que din os outros. Os demais teñen cousas boas que achegar. Dialogar é cousa de varios: escoita ,dialoga con naturalidade, sen berros, espera a que alguén remate de falar, mira de fronte á que comparece con quen falas.
5. Busca sempre facer amigos e amigas respectando os seus calidades. Colabora cos teus amigos. Ás veces temos problemas cos compañeiros, pero debemos resolvelos dialogando.
6. Fai un esforzo por perdoar e esquecer os rozamentos e conflitos que xorden con outros. Aprende a pedir desculpas se fas algo que non está ben.
7. Realiza o teu traballo con bo humor, alegría e optimismo. Hai moitos motivos polos cales estar alegres, contentos e felices.
8. Acepta aos que che rodean como son e axúdaos a que sexan mellores.
9. Fala con todos con bos modais e respecta as súas opinións.

ACTUACIÓNS - 3º ciclo

1. En caso de incumprimento falar co alumno e axudarlle a reflexionar sobre o seu comportamento para que se dea conta das consecuencias da súa actitude.
2. Se é reiterado o incumprimento, comunicárllelo aos pais por escrito e falar con eles, para solucionar a situación.
3. Quedar sen recreo realizando actividades cooperativas.
4. Quedar a realizar as tarefas non rematadas parte do tempo de recreo.
5. Arranxar ou repoñer o material estragado por mal uso.
6. Poñer en coñecemento da Comisión de Convivencia a situación para tomar as medidas disciplinarias contempladas no Plan de Convivencia.

3.3. Recursos

Os recursos cos que se contará para levar adiante este Plan de Convivencia son:

- Profesor/a – titor/a
- Equipo docente, alumnado, equipo directivo, departamento de orientación, claustro, consello escolar
- PEC
- RRI
- PXA
- POE e PAT
- Programacións didácticas
- Comisión de coordinación pedagóxica
- Comisión de actividades complementarias e extraescolares
- Comisión de convivencia
- A familia e toda a comunidade educativa
- Colaboración de ANPAS
- Concello a través dos Servizos sociais e todas aquelas asociacións que estean relacionadas coa educación

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para a elaboración do presente PLAN DE CONVIVENCIA tomamos como punto de partida e referente primordial o principio de “aprender a vivir xuntos”. É evidente que no actual sistema educativo “aprender a convivir” estase convertendo nun obxectivo fundamental que ten como finalidade a formación en valores baseados no respecto, a tolerancia, o compromiso, a solidariedade, a liberdade, a democracia, a igualdade...

Tendo en conta o anteriormente exposto e partindo dalgúns factores (aumento das situacións de agresividade na escola, maior permisividade no ámbito familiar, deterioro da pedagogía do esforzo...) pódese deducir que a educación en valores cobra unha gran relevancia e precisa dun maior impulso, a través da análise da situación en cada centro escolar coa correspondente elaboración de obxectivos e protocolos de actuación que se consideren oportunos.

Todos estes plantexamentos conforman o noso PLAN DE CONVIVENCIA, un documento que elaboramos co afán de avanzar un eslabón máis na loita contra a violencia escolar. Sen embargo, consideramos que ante todo ten que ser un documento aberto e flexible e para que isto sexa así é preciso realizar un seguimento continuado e unha avaliación que garanta a posta en práctica e o compromiso da comunidade educativa en relación ó citado plan.

O proceso de **avaliación** contará con tres dimensións:

- Unha primeira dimensión abarca a avaliación inicial, que se realiza para coñecer os problemas de convivencia existentes no centro e na que se levará a cabo unha análise e valoración do contexto escolar, o entorno social e o alumnado do centro.
- Seguidamente levarase a cabo unha avaliación continua na que o equipo docente deberá valorar, cada trimestre escolar, factores tales como: o rendimento e as medidas educativas que se adoptarán no seguinte trimestre; a actitude individual e grupal, a aprendizaxe...
- Finalmente, ó remate do curso académico, farase unha avaliación final que será a que permitirá valorar os avances conseguidos e elaborar propostas de mellora.

Anexo I

Plan de Acollida

CEIP GREGORIO SANZ-Ribadeo

Este **PLAN DE ACOLLIDA**, como conxunto de medidas educativas que o centro levará a cabo para conseguir a adaptación do alumnado, mestres/as e pais, terá como finalidade principal acadar os seguintes **objectivos**:

- Favorecer para eles unha adaptación progresiva ao centro.
- Conseguir que os alumnos/as, mestres/as e os pais estean informados do funcionamento e organización do centro educativo.
- Fomentar actitudes de respecto cara aos novos alumnos e alumnas e facilitar o proceso da súa integración.
- Aproveitar os momentos educativos e de enriquecemento mutuo intercultural que aportan as diferentes culturas na aula.

O **primeiro contacto co Centro** prodúcese o día que os pais ou titores legais do alumno/a se achegan ao centro para a súa matrícula. O Secretario/a facilitaralle o impreso para a formalización da matrícula, así como a relación de documentos que son necesarios que aporten, axudándolles a cumprimentalos se é necesario. No caso de que descoñezan as nosas linguas trataríase de buscar, a través do Concello ou outros organismos, mediadores para facer posible a comunicación.

Unha vez feito o trámite da matrícula, procederase a **informar á familia** por escrito sobre outras cuestións de organización do centro:

- PEC E RRI.
- Calendario Escolar.
- Horario xeral do centro, de atención a pais, do alumno e de ser o caso o do período de adaptación.
- Xustificación das faltas de asistencia.
- Lugares de entrada e saída do alumnado.
- Instalacións do centro.
- Servizo e funcionamento do comedor escolar (prezos e subvencións, menús e posibilidade de adecualos a peculiaridades concretas...).
- Actividades complementarias e extraescolares.
- Información sobre axudas para material escolar, transporte e comedor escolar.
- Información sobre as funcións e actividades das ANPAS.
- Información sobre a existencia dos **Servizos Sociais** do Concello.

O momento da matriculación poderase aproveitar para a **recollida de datos** da familia, dunha información máis precisa sobre a súa procedencia, lingua, escolarización previa, situación laboral e familiar e intencións de futuro, de maneira que o coñecemento das circunstancias do novo alumno/a axude a determinar as súas necesidades educativas:

RECOLLIDA DE INFORMACIÓN INICIAL (ALUMNADO INMIGRANTE)

CENTRO: _____ CURSO: 2.00 / 0

DATOS PERSOAIS

Nome: _____ Apellidos: _____

Data de Nacemento: / / Teléfono (s): _____ / _____

Domicilio: _____ Localidade: _____

Nacionalidade: _____ Lingua de orixe: _____

Tempo de residencia en España: _____

DATOS MÉDICOS

Problemas de saúde: _____

Datos evolutivos destacables: _____

Centro de saúde: _____ Nome do Pediatra: _____

DATOS FAMILIARES

Nome da Nai: _____ Nacionalidade: _____

Nome do Pai: _____ Nacionalidade: _____

Composición actual do núcleo familiar: _____

Tempo de residencia dos pais en España: _____

Lingua/s familiar/es: _____

(Suliñar o que proceda) A familia entende e/ou fala Galego e/ou Castelán

DATOS ACADÉMICOS

Anos e nivel de escolarización no seu país de procedencia: _____

¿Estivo escolarizado anteriormente en España? SI NON

En caso afirmativo indicar lugar/es e tempo: _____

Nivel de coñecemento da súa lingua: _____

Nivel de coñecemento da Lingua Galega:

Expresión oral: _____ Comprensión oral: _____

Expresión escrita: _____ Comprensión escrita: _____

Nivel de coñecemento da Lingua Castelá:

Expresión oral: _____ Comprensión oral: _____

Expresión escrita: _____ Comprensión escrita: _____

Coñecemento doutras linguas: _____

Solicitude da exención da Lingua Galega SI NON

Nivel de competencia curricular noutras áreas: _____

Medidas de atención á diversidade aplicadas anteriormente: _____

OBSERVACIÓNS:

Cando se produza a **escolarización de alumnado inmigrante** no centro, este será remitido ao Departamento de Orientación para valorar o seu nivel de competencia curricular e o grao de coñecemento das linguas oficiais, así como si presenta graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.

Conforme a Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro poderanse adoptar medidas de tipo curricular e/ou organizativo.

O DO propondrá a escolarización deste alumnado no curso e grupo que considere máis axeitado conforme aos seguintes criterios: a idade do alumno, o número de alumnos da clase, os alumnos con necesidade específica de apoio educativo no grupo, o número de alumnos con dificultades de aprendizaxe (desfase curricular, descoñecemento da lingua, ...) ou calquera outro criterio que redunde sempre non seu propio beneficio.

Debemos ter presente que o primeiro día de clase é un momento moi importante para o alumnado que chegue de fóra e, ás veces, co curso xa iniciado. A súa rápida integración vai depender en boa medida de como se sinta acollido e de como se relacione os primeiros días cos seus compañeiros e co seu titor/a, correspondéndolle ser o dinamizador do grupo e facilitador da relación entre todos apoiando en todo momento ao novo alumno/a para lograr a súa integración nun prazo curto (presentación aos compañeiros, fala clara, percorrido polos espazos do centro, xogos cooperativos).

Durante os primeiros días, pode ser de utilidade que se lles asigne un compañeiro ou compañeira que sexa unha persoa ben predisposta, acolledora e comunicativa para sentar ao seu lado e axudarlle, ao que podemos chamar alumno/a titor/a. Pode ser fixo ou variando ao longo do curso entre os demais compañeiros.

Teremos en conta a idade do grupo para poder levar a cabo as funcións que implica esta tarefa, que serán as seguintes:

- Facilitar a integración do novo alumno/a, evitando o seu illamento inicial dentro e fóra da aula.
- Presentalo a outros compañeiro/as, profesorado, persoal non docente.
- Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.
- Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar.
- Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependenzas e espazos.
- Colaborar co profesor titor comunicándolle as dificultades que detecte.

Cando se produza a **escolarización de alumnado procedente doutros centros** realizaranse as mesmas actuacións que co alumnado estranxeiro, agás as medidas específicas destinadas a este.

Ante a **chegada de novo profesorado ao centro** o responsable da súa primeira toma de contacto co mesmo será a Xefatura de Estudos, a cal lle indicará o funcionamento xeral do centro e lle ensinará as instalacións do mesmo, tamén lle presentará ao resto do profesorado e facilitaralle o acceso a toda aquela información que é necesario que coñeza: PXA, PEC, horarios, reunións de coordinación, servizo de orientación e outros aspectos de interese.

O Plan de Acollida debe de recoller unha **avaliación** do mesmo por parte das familias e do profesorado, por se é necesario introducir algún cambio e, ao mesmo tempo, analizar o seu grao de consecución e as melloras que hai que incluír. Os medios que imos utilizar para tal fin son enquisas sinxelas:

ENQUISA ÁS FAMILIAS

1. O asesoramento e a información que recibiu por parte do centro, ¿considera que foi o máis axeitado?
2. ¿Como considera que foi acollido o seu fillo/a no centro?
3. ¿Acudiron vostedes a algunha das institucións aconselladas polo centro?
4. ¿Como considera que foi acollido o seu fillo/a por parte dos seus compañeiros de clase?
¿E polo profesorado?
5. ¿Qué aspectos pensa que se poden mellorar en todo o proceso de acollida ó seu fillo/a?

ENQUISA AO PROFESORADO

1. ¿Como considera que foi acollido o novo alumno/a no centro?
2. ¿Realizou algún tipo de actividade formativa relacionada coa integración e acollida do novo alumno/a?
3. ¿Considera que os departamentos e os equipos de ciclo se implicaron o suficiente na súa labor de acollida ó novo alumno/a?
4. ¿Considera que o proceso de avaliación inicial proposto no Plan de Acollida foi o axeitado?
5. ¿Os apoios ou reforzos educativos que recibiu o alumno/a pensa que foron axeitados e suficientes?
6. Melloras que incluíría no Plan de Acollida cara o futuro.

Anexo II

Período de adaptación

CEIP GREGORIO SANZ-Ribadeo

Para o **PERÍODO DE ADAPTACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL (3 anos)** tomarase como referente a duración establecida do período de adaptación no calendario escolar do curso correspondente.

O equipo de ciclo de educación infantil establecerá e acordará ao comezo de cada curso aquelas pautas que considere máis convintes para proporcionar aos pais, sobre como favorecer a incorporación dos nenos/as a escola. Estas pautas poderán ser de xeito oral (charlas, entrevistas, etc) e/ou de xeito escrito.

No terceiro trimestre de cada curso académico, previo acordo do equipo do ciclo e aprobación da CCP, establecerase unha **Xornada de Portas Abertas**, convocatoria por carta- invitación personalizada a cada alumno/a, para que as familias acompañadas dos seus fillos/as coñezan o centro e teñan unha primeira toma de contacto cos seus futuros mestres/as e orientadora. Explicaranse normas xerais de funcionamento e recolleranse aquelas suxerencias relacionadas co período de adaptación.

Realizarase unha convocatoria por carta para unha reunión na biblioteca nos primeiros días de setembro. A devandita carta especificará o listado de material. Os puntos da Orde do día serían:

- Presentación do equipo directivo
- Departamento de Orientación
- Presentación do equipo docente
- Listado de material
- Aspectos xerais do centro, período de adaptación, material, e aqueles outros temas que se consideren de interese tanto para o coñecemento do funcionamento do centro como das aulas titoriais.

Ao comezo do curso escolar e sempre antes do comezo do horario lectivo convocarase unha reunión de nivel cos pais na que se tratarán aspectos relacionados co novo curso: adquisición de material, horario, calendario escolar, criterios de avaliación e datas de remisión dos resultados da avaliación, actividades escolares e extraescolares, normas de convivencia,

etc. Terase ademais unha entrevista individual cos pais por parte do titor/a na cal se recollan os aspectos que se consideren dende o equipo de ciclo.

O tipo de actividades a realizar durante o período de adaptación serán decididas por cada titor/a, se ben o equipo de ciclo poderá establecer suxerencias ao respecto.

Para a **organización do período de adaptación** dividirase o grupo clase de 25 alumnos/as en 4 subgrupos de 6 nenos/as cada grupo (salvo un que será de 7 nenos). En caso de existir un grupo clase de menos alumnos axustarase esta proporción.

Na formación destes subgrupos seguirase a orde alfabética dos seus apelidos.

A separación traumática das figuras de apego conleva graves consecuencias, polo que un bo desenvolvemento do período de adaptación determinará a posterior relación do alumnado coa escola. A progresiva incorporación dos nenos/as ao colexio durante este período de adaptación sería a seguinte, aínda que poderá darse certa flexibilidade de acollida que garante a conciliación da vida familiar e laboral.

CALENDARIO DO PERÍODO DE ADAPTACIÓN
--

DATA	Hora: 10-11 h	Hora: 11.30-12.30	Hora: 13-14 h	Observacións
Día ___	GRUPO 1	GRUPO 2	GRUPO 3	
Día ___	GRUPO 4	GRUPO 1	GRUPO 2	
Día ___	GRUPO 3	GRUPO 4	GRUPO 1	
Día ___	GRUPO 2	GRUPO 3	GRUPO 4	

DATA	Hora: 10-11.30 h	Hora: 12-13.30 h	Observacións
Día ___	GRUPOS 1 e 2	GRUPOS 3 e 4	
Día ___	GRUPOS 3 e 4	GRUPOS 1 e 2	
Día ___	GRUPOS 1 e 3	GRUPOS 2 e 4	
Día ___	GRUPOS 1 e 4	GRUPOS 2 e 3	

DATA	Hora: 10-13.30 h	Observacións
Día ___	GRUPOS 1,2 e 3	
Día ___	GRUPOS 2,3 e 4	
Día ___	GRUPOS 3,4 e 1	
Día ___	GRUPOS 4,1 e 2	
Día ___	GRUPOS 1,2,3 e 4	TODOS XUNTOS POR FIN!!!

NOTA: En outubro o horario pasa a ser de 10 a 13 horas e de 15 a 17 horas, igual que para o resto dos alumnos/as do centro.